

‘O meu nome é Skywalker’ valeulle ó vilabés o galardón na modalidade de galego

Fernández Paz gaña ‘O Barco de Vapor’ coa historia dun índixente

O escritor vilalbés Agustín Fernández Paz gañou o Premio O Barco de Vapor na modalidade de obras presentadas en lingua galega coa novela *O meu nome é Skywalker*. O libro, duns cincuenta folios, gañou este galardón que a editorial SM dota con 6.000 euros e é un dos máis codiciados do Estado por parte dos autores de-

dicados á narrativa infantil e xuvenil. Fernández Paz conta a relación entre unha nena e un inmigrante ó que coñece e que se lle presenta como un ser residente nas galaxias. Trátase dun galardón que o autor chairego leva por primeira vez e será a derradeira “porque nunca me presento a premios que gañei”.

REDACCIÓN. JAUREGUIZAR

Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) titula *O meu nome é Skywalker* a historia dunha nena “de sete ou oito anos” que coñece a un inmigrante dun país do este europeo e de moitos más anos que pide esmola á porta dun supermercado no centro dunha gran cidade. Xurde entre eles “unha amizade rara, rara porque non é normal que eses dous personaxes se fagan amigos”, máis cando ó vello “ningún lle fai caso”.


O índice aproveita o desinterese que xera nos clientes do centro para facerlle crer á súa amiga que é invisible, engadindo que “procede das estrelas e que durme todos os días na Lúa”. Paralelamente, o lector vai informándose da realidade que padece o inmigrante, que pernocta entre cartóns nunha casa abandonada e habitada soamente por gatos. O suposto extraterrestre asegúralle que “pasa o día na porta do supermercado porque está investigando ós seres humanos”.

Recoñece o narrador que “a obra ten cincuenta folios porque a historia non pedía máis e temía que perdera intensidade se a facía máis longa” para añadir que “pasan poucas cousas” na novela porque o seu celme é

deste para concorrer ó certame. A editorial SM dará a coñecer en español a última novela do chairego, *Noite de voraces sombras*, que foi tirada en galego por Xerais. Fernández Paz adota publicar nesa empresa a versión en castelán dos seus libros, como ocorriu con *Aire negro; Amor dos quince anos; Marilyn; Avenida do Parque, 17; Cartas de inverno; Contos por palabras ou O laboratorio do Doctor Nogueira*.

■ PROFESOR. Agustín Fernández Paz é profesor de Lingua e Literatura Galegas no IES Os Rosais, de Vigo. Desde mediados dos anos setenta estivo ligado aos movementos de renovación pedagógica. Ademais dos premios correspondentes ó seu labor literario (*Merlín, Lazarillo, Edebé Juvenil, Rañolas, Raiña Lupa e Protagonista Jove*) hai outros traballos seus que mereceron diferentes galardóns.

Entre eles, cabe salientar o primeiro premio dentro do Concurso de Guións de Vídeos Didácticos do Concello de Fene e, polo conxunto dos seus escritos sobre cómics concedéuselle, en 1992, o Premio Ourense de Banda Deseñada. No ano 2001, os concellos da Terra Chá dedicáronlle o *Día das Letras Chairegas*.



O escritor Agustín Fernández Paz

“o contraste entre a fantasía na que cre a nena e a realidade que van coñecendo os lectores”.

Agustín Fernández Paz redactou o libro no verán do ano 2001 e revisouno contra o final